

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de novembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día vinte e un de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1364).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1365).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE ALUMEADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1042/106.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.11.14, dáse conta do informe-proposta do 20.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 20 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

3.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación da subministración de maquinaria para o ximnasio do Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros. (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 13 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE ALUMADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1042/106.  
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 12.11.14, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-11-2014, 07-11-2014 e 12-11-2014 e do informe do xefe do servizo de Comercio, de data 11-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSF), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño" (expediente 1042-106), no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A.	95,48
2º	IMESAPI, S.A.	84,38
3º	PORGESA S.A.	75,35
4º	ILUMINACIONES JESÚS NAZARENO, S.L.	54,63

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe de 1.500.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 644,88 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 14 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 20 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 20 de novembro de 2014, se comproba que esta é correcta.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A., o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106) por un prezo total de 133.826 euros (IVE incluído), comprometéndose a incrementar en 300 arcos e motivos navideños a subministrar, propón unha gama de 34 elementos decorativos navideños distintos en canto a formas e cores e incrementa o stock de seguridade esixida no prego (8%) nun 3,89 % de elementos decorativos navideños.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1366).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS PEONÍS E RODADURA EN DIVERSAS RÚAS. EXPTE. 2501/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.11.14, conformado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

#### NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

#### ANTECEDENTES:

A Mesa de Contratación celebrada o 6 de outubro de 2014, na que tivo lugar a apertura das ofertas económicas da presente licitación, acordou a exclusión da empresa INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, SL por non ser conforme o modelo de proposición e non presentar os prezos desglosados de cada un dos proxectos e polo tanto non ser posible identificar o prezo individual de cada uno deles

Sen embargo, na proposta aprobada na XGL de data 15 de outubro deuse conta, por erro, que a citada Mesa de contratación procedeu a “Rexeitar a oferta presentada por INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, SL, por supera-la súa oferta o tipo de licitación.”

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

10.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA NA SUBIDA Á MADROA E MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA; RÚA SEIXO; ROTEA DE ABAIXO; GANDARÓN; CAMIÑO FERMÍN..., E OUTRAS. EXPTE. 2501/440.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, asinada polo secretario de dito órgano con data 10.10.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 10 de outubro de 2014, entre outros , acordou:

5.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA (expediente 2501-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-09-2014, 12-09-2014, 25-09-2014, 30-09-2014, 02-10-2014, 06-10-2014 e 10-10-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Rexeitar a oferta presentada por INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S L, por supera-la súa oferta o tipo de licitación.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA (expediente 2501-440), no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	87,97
2	CONSTRUCCIONES VALE, S L	85,79
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	85,62
4	UTE ACEVI, S L-MONTAJES J.M. IGLESIAS, S L	84,91
5	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S A	83,16
6	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	82,35
7	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	80,69
8	NAROM S L	79,84

9	COPCISA, S A	79,50
10	CIVIS GLOBAL, S L	79,29
11	HIDROMIÑO, S L	70,44
12	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	69,69
13	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L (ORESA S L)	68,63
14	NATURGALIA	68,61
15	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	62,68
16	HORDESCON S L	54,86

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 930,94 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

Resulta preciso modificar a causa de exclusión da empresa INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, SL que o foi por non ser conforme o modelo de proposición e non presentar os prezos desglosados de cada un dos proxectos e polo tanto non ser posible identificar o prezo individual de cada uno deles, segundo consta no acta da sesión da Mesa de contratación de data 06 de outubro e 2014.

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

*“Rectificar o apartado primeiro do acordo de clasificación de ofertas no “procedemento aberto para a contratación das obras de MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA (expediente 2501-440 , aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de outubro de 2014, que quedara redactado da forma seguinte:*

*“Primeiro.- Rexeitar a oferta presentada por INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S L, por non ser conforme o modelo de proposición e non presentar os prezos desglosados de cada un dos proxectos e polo tanto non é posible identificar o prezo individual de cada un deles.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1367).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS PEONÍS E RODADURA EN DIVERSAS RÚAS. EXPTE. 2501/440.**

Dáse conta do informe-proposta de data 31.10.14, do 21.11.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación celebrada o 30-10-2014, adoptou o seguinte acordo:*

#### *7.- Proposta de adxudicación*

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos; subida mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade; rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda; rúa Santa Mariña; camiño fondo en Castrelos e humanización da rúa Pedreira (expediente 2501-440)*

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos; subida mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade; rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda; rúa Santa Mariña; camiño fondo en Castrelos e humanización da rúa Pedreira (PCAP).*

## ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do extraordinaria e urxente do día 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

*(... ) Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA (expediente 2501-440), no seguinte orde decrecente:*

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	87,97
2	CONSTRUCCIONES VALE, S L	85,79
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	85,62
4	UTE ACEVI, S L-MONTAJES J.M. IGLESIAS, S L	84,91
5	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S A	83,16
6	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	82,35
7	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	80,69
8	NAROM S L	79,84
9	COPCISA, S A	79,50
10	CIVIS GLOBAL, S L	79,29
11	HIDROMIÑO, S L	70,44
12	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	69,69
13	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L (ORESAS S L)	68,63
14	NATURGALIA	68,61
15	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	62,68
16	HORDESCON S L	54,86

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*



- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 930,94 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 24 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 30 de outubro de 2014, se comproba que esta é correcta.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes informes do xefe de Area de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, valorando os criterios non avaliábles mediante fórmula, avaliábles mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos; subida mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade; rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda; rúa Santa Mariña; camiño fondo en Castrelos e humanización da rúa Pedreira(expediente 2501-440) por un prezo total de 265.281,07 euros (IVE incluído), sendo os prezos de execución de cada un dos proxectos (IVE incluído) os seguintes:

- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos: 45.753,59 euros.

- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Subida Mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade: 60.766,50 euros.
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda-Lavadores: 121.533 euros.
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Santa Mariña-Cabral: 21.447 euros.
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura encamiño fondo en Castrelos: 35.745 euros.
- Humanización da rúa Pedreira-Fase II: 35.745 euros.

Oferta así mesmo un incremento do prazo de garantía de 108 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1368).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAÍDOS. FASE 1. EXPTE. 2540/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 21.11.14, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 21 de novembro de 2014, entre outros , acordou:

#### 4.- Propostas de clasificación.

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (expediente 2540-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 30-10-2014, 05-11-2014, 13-11-2014, 14-11-2014, 17-11-2014, 20-11-2014 e 21-11-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento e o enxeñeiro de edificación 12-11-2014 e 21-11-2014 e do xefe de Area de Fomento de 17-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- propoñer a Xunta de Goberno a exclusión da oferta presentada por COPCISA, S.A., por conter valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (expediente 2540-440), no seguinte orde decrecente:

1	UTE Stradia Infraestructuras, S.L. - GPD Construcciones S.A.	91,08
2	Oreco, S.A. - Civisglobal UTE	89,65
3	Dragados, S.A.	84,69
4	UTE Prace servicios y obras, S.A. - Construcciones Castro Figueiro, S.- L.U.	83,39

5	Xestión Ambiental de Contratatas.	82,19
6	Constructora San José, S.A.	80,98
7	Construcciones Ramírez, S.L.	80,29
8	Unika, Proyectos y Obras SAU – OGMIOS Proyecto S.L. - Izmar, S.L.U.	78,26
9	UTE Bauen empresa constructora, SAU – Retieno Ingeniería, S.A.	76,31
10	UTE Extraco, s.a. - Trabajos Especiales Zut, S.A.	70,76
11	Acciona Infraestructuras, S.A.	65,16
12	UTE Aberman empresa constructora, S.L. - Sometal.	62,26
13	Obras y Viales de Galicia, S.L.	56,94
14	Arias Hermanos Construcciones, S.a.	31,02

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - GPD CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 737,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(1369).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA REPOSICIÓN E MANTEMENTO DAS ÁREAS BIOSAUDABLES. EXPTE. 7641/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 21.11.14, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### 4.- Propostas de clasificación.

b) *Procedemento aberto para a contratación da reposición e mantemento das areas biosaudables*" (expediente 7641-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-11-2014, 07-11-2014, 12-11-2014 e 21-11-2014 e do informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 21 de novembro de 2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da reposición e mantemento das areas biosaudables", no seguinte orde decrecente:

a) Empresas	b) Puntuación total
1º.- Contenur S.L.	100 puntos
2º.- Cespa S.A.	90,98 puntos
3º.- Jardincelas	82,78 puntos
4º.- Eulen S.A.	82,18 puntos
5º.- Gallega de Proyectos y Servicios S.L.	80,41 puntos
6º.- Calfensa Proyectos S.L.	62,78 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONTENUR, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 600.000 €.
- Resgardo da garantía definitiva esixible, de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 637,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**7(1370).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 3490/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 21.11.14, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*4.- Propostas de clasificación.*

*c) Procedemento aberto para a contratación da subministración de mobiliario para o Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros (expediente 3490-213)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 24-10-2014, 28-10-2014, 05-11-2014, 11-11-2014 e 21-11-2014 e dos informes do subxefe do servizo de Extinción de Incendios, de datas 7 e 19 de novembro de 2014, por unanimidade dos asistentes, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Excluir do presente procedemento a mercantil TOTAL EQUIP, S.L., por incumprimento dos requirimentos esixidos no Prego de prescricións técnicas.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de mobiliario para o Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros (expediente 3490-213), no seguinte orde decrecente:*

	LICITANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
1.	Paz Dismac, S.L	100
2.	KL1 Mobiliario de Oficina, S.L.	99,50
3.	Sutega, S.L	98,70
4.	Interiores de Galicia, S.L. (Intega)	97,58
5.	Lógica Equipam. Integrales, S.L.	94,34
6.	Iturri, S.A.	79,56
7.	El Corte Inglés, S.A.	83,27
8.	Ekipo, S.L	81,11

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, Paz Dismac, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

- *Resguardo da garantía definitiva esixible, de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 11.B da FEC.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 663,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **8(1371).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN. EXPTE. 7457/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 21.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, da mesma data, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

*No orzamento municipal vixente para o servizo de Patrimonio Histórico atópase a partida 3360.6220002-REHABILITACIÓN CASA PATÍN, dotada con 500.000 euros e destinada a rehabilitar este inmovible situado no barrio de Bouzas.*

*Con esta finalidade os técnicos municipais: Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, José Luis Gallego Páramos e Alfonso Rodríguez González, redactaron o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, que conta cun orzamento base de licitación de 494.667,25 euros, e que é apropiado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 10 de outubro de 2014.*

*Como se sinala no informe ó reformado do proxecto básico e de execución de rehabilitación da “Casa do Patín” como equipamento social e cultural, da xefa da Área técnica da Xerencia de Urbanismo e da xefa de Área da Tenencia de Alcaldía, de data 12 de novembro de 2014, que se incorpora a este expediente, o referido proxecto de rehabilitación é remitido o 7 de xullo de 2014, á Delegación provincial da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia, “co fin de recabar a autorización sectorial preceptiva dada a catalogación dos edificios”.*

*Así, a Comisión territorial do 30 de setembro acorda pedir unha aclaración ao Concello, “en canto ás diferencias de alturas entre a realidade e os planos, a agregación parcelaria e a reposición do forxado intermedio da Casa do Patín”.*

*Unha vez respostado o requerimento, a Comisión territorial do 4 de novembro require “nova documentación referida a outros aspectos non cuestionados na anterior xuntanza, en concreto, a xustificación da inexistencia dunha medianeira entre as dúas edificacións catalogadas cos protección de estrutural, recuperación e uso de tódalas balconadas e dibuxar uns ocos no segundo andar dunha das fachadas dunha das edificacións”.*

*Os autores do proxecto redactan esta nova documentación requerida, que é entregada con data 10 de novembro de 2014 no Rexistro da Delegación provincial de Cultura de Pontevedra, “e que será tratada, segundo conversas coa Xefatura territorial na vindeira sesión a celebrar o 25 de novembro”.*

Con data 3 de novembro de 2014, a Concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio, e Economía e Facenda, ordena iniciar os trámites oportunos para a licitación de ditas obras.

O conxunto de edificacións que se pretenden rehabilitar atópanse clasificadas coma solo urbano e inclúense na actuación illada 2 (AI2) do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PE-PRI) de Bouzas, e están situadas na rúa San Miguel, nº 2-4 (nº 39-A da rúa Eduardo Cabello), rúa San Miguel, nº 6, rúa Alfolés, nº 10 (nº 41-A da rúa Eduardo Cabello) e rúa Eduardo Cabello, nº 43-A, da parroquia de Bouzas (Vigo); e as obras contemplan a completa recuperación da volumetría orixinal do conxunto de edificacións así coma das estruturas principais de muros existentes, tanto nas fachadas coma na súa configuración interior, para albergar un novo uso de carácter sociocultural concebido coma unha única dotación.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS MESES.

A memoria xustificativa das obras de rehabilitación da casa do Patín recolle o seguinte:

“Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación URXENTE, fundamentado en motivos de necesidade inaprazable e de interese público baseados nas seguintes causas:

En primeiro lugar, a situación e estado actual da edificación, onde os muros de pedra que se conservan en pé son de mampostería ordinaria tomados con morteiros bastardos de cal e cemento. Atópase nunha zona onde o nivel freático do subsolo é elevado e se atopa preto dos niveis de cimentación dos muros. Ademais a situación da parcela na zona baixa da cidade, con incidencia directa das mareas e o colapso da rede de saneamento municipal en época de fortes choivas deriva en situacións de inundacións cando concorren determinadas condicións climáticas e provoca entre outros problemas, que avance o deterioro dos muros existentes da edificación que están asentados directamente sobre a terra.

A isto engádese auga da choiva pola acción directa sobre os muros debido a que non conta con cubrición algunha que os protexa. A auga está a lavar o morteiro bastardo de cal e cemento que une as pedras de mampostería penetrando no interior dos muros polo que se están a desprender mampostos de pedra.

Todo isto provoca ademais do incumprimento da administración da obriga que como propietario do inmovible lle impón a Lei de Ordenación Urbanística de Galicia, de manter en condicións de salubridade as súas edificacións, o risco de ter que asumir posibles responsabilidades patrimoniais por danos en caso de afectar a edificacións lindantes ou ás beirarrúas ás que da fronte a edificación.

Por todo iso precísase a tramitación urxente do expediente co obxecto de iniciar as obras de rehabilitación o máis urxentemente posible.”

Deste xeito, compróbase que a situación actual do edificio, que conleva o incumprimento da obriga de manter a edificación en condicións de salubridade, unido ao risco de ter que responder por posibles danos patrimoniais, motivan a solicitude da urxencia na tramitación.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar a documentación complementaria do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL,

redactada polos autores do proxecto, Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, José Luis Gallego Páramos e Alfonso Rodríguez González, en resposta aos requerimentos da Comisión territorial de Patrimonio Histórico, da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia, en sesións de 10 de outubro e de 4 de novembro, respectivamente.

2º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN, ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP a efectos de redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e das Follas de Especificacións do Contrato, asinadas pola Xefa do Servizo de Contratación 21/11/2014 e que rexirán no contrato de OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN.

4º.- Autorizar o gasto para o presente exercicio por importe total de 494.667,25 euros euros, (IVE engadido do 21%) con cargo a partida orzamentaria 3360.6220002 do orzamento municipal vixente.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista por procedemento aberto.

6º.- En todo caso, a materialización do contrato queda condicionada á obtención das autorizacións preceptivas que cada administración territorial, en razón das súas competencias, esixa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1372).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA E DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES ENGADINDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7492/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 21.11.14, conformado pola xefa de Área de Primeira Tenencia de Alcaldía e pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou "adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)".*

*Sendo preciso o nomeamento da dirección facultativa destas obras, proponse nomear aos técnicos municipais, autores do proxecto: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.*



Asimesmo, propónse a Ángel Santorio Cuartero, como coordinador de seguridade e saúde.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Nomear a Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás como directores facultativos das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles.

2.- Nomear a Ángel Santorio Cuartero, como coordinador de seguridade e saúde das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1373).- OUTORGAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A DIVERSOS SERVIZOS (POLICÍA LOCAL, CEMITERIOS, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO E LABORATORIO MUNICIPAL). EXPTE. 25899/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.11.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 20.11.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Mediante Instrucción de servizo do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 20/11/2014 ordease ao Servizo de Recursos Humanos que se proceda a incoación do correspondente expediente administrativo para a tramitación das peticións efectuadas en informes das xefaturas dos servizos de Policía Local (Doc 140141345), Laboratorio Municipal (Doc 140139564), Cemiterios (Doc 140140321) e Extinción de Incendios e Salvamento (Expediente 3305-213), correspondentes ao ano 2013, aos efectos de que se proceda á emisión dos informes técnicos, informe-proposta e informe preceptivo de fiscalización que procedan nos termos da lexislación vixente, aos efectos de someter a aprobación na Xunta de Goberno Local dun complemento de produtividade aos empregados municipais relacionados nos informes indicados por servizos prestados no período temporal exposto.

No Documento nº140141345 do servizo da Policía Local, se relacionan 216 funcionarios do Servizo da Policía Local para os cales se solicitan complementos de produtividade pola súa especial adicación e profesionalidade demostrada ao longo do ano 2013, según informe asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e conformado polo Concelleiro Delegado da Área..

Figuran na proposta as persoas seguintes que na actualidade xa non manteñen vínculo de servizo con este Concello :

Nome	Importe	
Iglesias Lorenzo, Jesus	427,83	jubilado 04/03/2014
Perez Rodriguez , Juan Manuel	362,01	Jubilado 15/08/2014
Estevez Seoane Jose	120,67	Jubilado 01/09/2014
Sanchez Sanchez Manuel	479,22	comision de servizos 31/10/2014

No Documento nº 140139564 do Laboratorio Municipal-Servizo de Control de Plagas, asinado pola Directora do Laboratorio Municipal e conformado pola Concelleira Delegada da Area, se relacionan 5 funcionarios deste Servizo para os cales se propon un complemento de produtividade, en funcion da súa participación nos distintos tratamentos de control de plagas e baseado na especial adicación do persoal do Servizo no ano 2013

No Documento nº 140140321, do Servizo de Cemiterios, asinado pola Xefa de Negociado de Cemiterios e conformado pola Concellería da Area, se relacionan 15 empregados municipais con postos de Oficial sepultureiro e Xefe de Equipo, adscritos a dito servizo, para os cales se solicita un complemento de produtividade por importe total de 7413.75 €, baseado a falta de persoal no mesmo que conlevou un esforzo e especial adicación dos mesmos ao longo do ano 2013.

No expediente nº 3305-213 do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, asinado polo Subxefe do Servizo e conformado polo Concelleiro Delegado da Area, se relacionan un total de 119 funcionarios do Servizo de Extinción de Incendios para os que se solicita complemento de produtividade, polo esforzo e adicación demostrado ao longo do ano 2013 dada a falta de efectivos, en funcion das xornadas traballadas e as saídas efectuadas fora do municipio, considerando a xefatura que doutro xeito non resultaría posible garantir a adecuada prestación do servizo.

